



Estimado/s titor/es do alumno/a \_\_\_\_\_

Por medio desta comunicación de inicio do curso, dámoslle a benvida a comunidade educativa da Escola de Arte e Superior de Deseño Ramón Falcón, desexando que o percorrido académico do seu/súa titorado/a sexa o mais satisfactorio posible.

O feito de que o seu/súa titorado/a teña a condición de menor de idade, ao comezo de curso e durante unha parte do seu período formativo, fai preciso facerlle/s chegar algunha información engadida á que se transmitiu, ou se transmitirá, ao alumnado do centro, ao tempo que se solicita de vostede/s a conformidade para a participación do seu/súa titorado/a en determinadas actividades desenvolvidas ao longo do curso académico do noso centro.

En primeiro lugar, precisamos coñecer os datos do/s titor/es legais do alumno/a.

Nome do TITOR LEGAL (1): \_\_\_\_\_

Nome do TITOR LEGAL (2): \_\_\_\_\_

Enderezo electrónico (1): \_\_\_\_\_ Teléfono: \_\_\_\_\_

Enderezo electrónico (2): \_\_\_\_\_ Teléfono: \_\_\_\_\_

Indiquen un só enderezo ou teléfono se existe un só titor/a legal ou non existe causa legal que implique a conformidade dos dous titores. Se se indican dous, empregaranse simultaneamente ambos.

A primeira información a facerlles chegar é a do seu dereito a ter completo coñecemento do desempeño do seu titorado/a con respecto á actividade docente, como á asistencia puntual ou periódica, ao proceso cotiá de ensino e aprendizaxe, ás cualificacións obtidas ou aspectos particulares sobre a avaliación do mesmo. Dado que algunhas das ferramentas empregadas polo centro, para a comunicación co alumnado, non son de acceso por outros membros da comunidade educativa, poñémonos a súa disposición para facilitarlle toda a información que sexa solicitada. A canle mais eficaz para iso é o contacto directo co titor de grupo do seu/súa titorado/a, que durante o presente curso será:

Nome: \_\_\_\_\_ . Enderezo electrónico: \_\_\_\_\_

O titor de grupo faralle chegar (a través do enderezo/s electrónico/s que nos facilite/n neste documento) as principais circunstancias académicas que correspondan ao seu/súa titorado/a, como poden ser as posibles incidencias relacionadas con: asistencia, matrícula, procesos de avaliación ou cualificacións finais. Sobra dicir que tamén se comunicarán outras incidencias de maior urxencia ou gravidade, como poden ser accidentes ou conflitos de convivencia ou contra as normas do centro.

No caso de precisar maior información ou recibila cunha periodicidade diferente a que dita o percorrido académico do curso, proporcionarase en resposta a súa solicitude, que terá que facer chegar por correo electrónico ao enderezo facilitado. O mesmo ha de facerse no caso de ter interese en solicitar unha entrevista persoal co titor de grupo.

Aproveitamos para solicitarlle que empregue estas mesmas canles para facernos chegar toda a información relevante acerca do seu/súa titorado/a que poida ser de importancia para o equipo docente que desenvolverá a actividade docente do mesmo/a.

Por outra banda, precisamos ter a súa conformidade para que os datos persoais do seu/súa titorado/a sexan incorporados a base de datos do centro, aos exclusivos fins da súa administración para a xestión académica, e para que a imaxe persoal do seu/súa titorado/a poida aparecer, moi ocasionalmente, nalgún soporte público do centro (taboleiros, prensa, web, redes sociais) aos exclusivos fins do normal transcurso da actividade docente ou da promoción das actividades do centro. No caso de non autorizar o emprego ocasional da imaxe do alumno/a, este podería ter que excluírse daquelas actividades ou eventos que poidan supoñer a exposición pública da súa imaxe.

Con esta finalidade, aproveitando esta comunicación informativa, solicitámoslle/s a sinatura dos referidos consentimentos:

O/s anteriormente identificado/s, neste mesmo documento, como titor/es legal/is AUTORIZA/N a que os datos persoais do titorado/a sexan incorporados a base de datos do centro, aos exclusivos fins da súa administración para a xestión académica.

Asinado: TITOR LEGAL 1	Asinado: TITOR LEGAL 2 (de existiren)
------------------------	---------------------------------------

O/s anteriormente identificado/s, neste mesmo documento, como titor/es legal/is AUTORIZA/N a que a imaxe persoal do titorado/a poida aparecer, moi ocasionalmente, nalgún soporte público do centro (taboleiros, prensa, web, redes sociais) aos exclusivos fins do normal transcurso da actividade docente ou da promoción das actividades do centro. No caso de limitar a autorización outorgada (só na aula, só na web do centro... etc.), é preciso informar as devanditas limitacións a carón da sinatura.

Asinado: TITOR LEGAL 1	Asinado: TITOR LEGAL 2 (de existiren)
Coas seguintes limitacións:	Coas seguintes limitacións:

En derradeiro lugar, poñemos no seu coñecemento o feito de que a actividade docente do noso centro, e nas diferentes ensinanzas que imparte, inclúe, con certa periodicidade, actividades complementarias á formación, que se desenvolven dentro do horario escolar, a miúdo fora do centro, e teñen carácter avaliable. Estas actividades son de obrigada asistencia e forman parte do proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado.

De igual xeito, o centro desenvolve actividades extraescolares, que non son de obrigada asistencia e non teñen carácter avaliable, e que poden desenvolverse fora do horario lectivo, fora do centro educativo e mesmo poden incluír unha viaxe fora da localidade do centro, con estadía diúrna ou pernocta en aloxamento hoteleiro. Para a participación do alumno/a neste tipo de actividades, precisase a conformidade do/s titores, para o cal solicitamos de vostede/s unha nova sinatura de conformidade:

O/s anteriormente identificado/s, neste mesmo documento, como titor/es legal/is AUTORIZA/N a que o titorado/a poida participar en actividades extraescolares que poidan desenvolverse fora do horario lectivo, fora do centro educativo ou incluír unha viaxe fora da localidade do centro, con estadía diúrna ou pernocta en aloxamento hoteleiro. No caso de limitar a autorización outorgada (sen viaxe, sen pernocta... etc.), é preciso informar das devanditas limitacións a carón da sinatura.

Asinado: TITOR LEGAL 1	Asinado: TITOR LEGAL 2 (de existiren)
Coas seguintes limitacións:	Coas seguintes limitacións:

Agradecemoslle/s a súa atención e participación na actividade lectiva do seu titorado/a esperando que resulte moi satisfactoria para vostede/s e saudámoslle/s afectuosamente.

El Lugo a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_